

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por Resolución de Alcaldía número 2026-0401, do 11 de xuño de 2026, aprobouse a convocatoria e as bases reguladoras que rexen o procedemento de selección para a cobertura temporal da praza de Asesor/a Xurídico/a que quedará vacante con efectos do día 30 de xuño de 2026, así como para a constitución dunha bolsa de emprego da que formarán parte aqueles/as aspirantes que superen o proceso selectivo.

O 17 de xuño de 2026, publicouse no «Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra» número 114 o anuncio da convocatoria, publicándose as bases íntegras no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

Rematado o prazo de presentación de instancias e en cumprimento do disposto no apartado sétimo das Bases que rexen o proceso selectivo, esta Alcaldía, no uso das facultades que ten atribuídas pola lexislación vixente, e en concreto, polos apartados g), h) e s) do artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a lista de aspirantes admitidos/as e provisionalmente excluídos/as en dito proceso selectivo, con indicación das causas de exclusión, quedando como segue:

Praza de persoal laboral temporal por vacante na categoría Asesor/a Xurídico/a		
Persoas aspirantes admitidas		
Núm.	NIF	Nome completo / Rexistro
1	***4732**	DOMÍNGUEZ ÁLVAREZ RICARDO
2	***1127**	ENTENZA MARTÍNEZ LAURA
3	***4655**	GARRIDO MUÑOZ MARÍA ISABEL
4	***4154**	NOGUEIRA GONZÁLEZ PABLO RODRIGO
5	***9140**	OUTEDA RIVAS RITA
6	***5816**	PIÑEIRO GONDAR BEATRIZ
7	***1742**	RIVEIRO ÁLVAREZ RAFAEL
8	***1285**	ROIS MÉNDEZ MARÍA JOSÉ
9	***3149**	SÁNCHEZ DEL CUETO LOSADA ESTHER

### Persoas aspirantes excluídas

Núm.	NIF	Nome completo / Rexistro	Motivos de exclusión
1	***6257**	GARCÍA-MON BARREIRO MARÍA DEL PILAR	Non presenta DNI
2	***0510**	RIVERO GARCÍA MARÍA LUISA	Non presenta DNI



**SEGUNDO.-** Informar que, de conformidade co previsto nas bases da convocatoria, os/as interesados/as poderán presentar reclamacións ou emendar erros ou omisións no prazo de dous (2) días hábiles, contados dende o día seguinte da publicación desta Resolución no taboleiro da anuncios da Sede electrónica do Concello de Meis [<http://meis.sedelectronica.gal>]

**TERCEIRO.-** Rematado o prazo ditarase resolución pola que se aproba a lista definitiva, resoltas as reclamacións que no seu caso se produzan, e indicárase igualmente o lugar e data da reunión e a composición do Tribunal, publicándose estes anuncios e calquera outro anuncio sucesivo en relación a este proceso selectivo no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Meis.

Se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión esta considerárase defecto insubsanable e resolverá dita exclusión.

Contra a exclusión na lista definitiva de admitidos e as recusacións dos membros do órgano de selección poderanse presentar reclamacións, e emendar erros ou omisións, no prazo de dous días (2) hábiles contados dende o día seguinte á publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Meis.

**CUARTO.-** Ordenar a publicación desta resolución no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Meis [<http://meis.sedelectronica.gal>] e, de forma complementaria, na páxina web do Concello.

Significar que a publicación desta resolución e a exposición da lista substitúen a notificación ás persoas interesadas, en conformidade co disposto nas bases de selección aprobadas.

**QUINTO.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa-Presidenta, en Meis, na data que figura á marxe deste documento asinado electronicamente, do que a Secretaría toma razón aos únicos efectos de dar fe pública e transcripción ao Libro de Resolucións.

A Alcaldesa  
Asdo.: Marta Giráldez Barral

A Secretaria-Interventora  
Asdo.: María Gómez García

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

